

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Poste en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 06-11-2024, ditou a resolución con número 3222/2024 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

“Campaña de Neve 2025. Prazo de inscrición”

O Concello de Carballo foi incluído na actividade “CAMPAÑA DE NEVE 2025 ” da Deputación da Coruña que se celebrará na estación invernal de Valgrande-Pajares, adxudicándonos 14 prazas.

A quenda correspondente ó Concello de Carballo é a cuarta, dende o **31/01/2025** ó **3/02/2024**.

Á vista do cal **RESOLVO**:

Primeiro.- Establecer un prazo de preinscrición para achegar solicitudes, entre os días **8 de novembro e 2 de decembro de 2024 inclusives**, mediante a correspondente ficha de inscrición, anexa a esta resolución e á que se deberá dar rexistro de entrada no Concello de Carballo.

Segundo.- Adoptar os requisitos establecidos e os que poida establecer a Deputación da Coruña para a admisión e participación na “Campaña de Neve 2025” e os particulares do Concello de Carballo, nos seguintes termos:

- Poderán asistir á actividade nas prazas correspondentes ó Concello de Carballo nenos e nenas de idades entre 11 e 15 anos inclusive (cumpridos a 31 de decembro de 2024), e que estén empadroados no Concello de Carballo.
- No suposto de ter máis solicitudes que número de prazas concedidas (14), realizarase un **sorteo público** para adxudicar as mesmas o **luns día 9 de decembro ás 10:00 h.** na Casa do Concello.
- Terán preferencia os solicitantes que non participaran en ningunha campaña de neve anterior da Deputación da Coruña.
- A cota de participación individual establecida pola Deputación da Coruña é de 85,00 €, que se aboará no momento e forma que a Deputación da Coruña determine unha vez adxudicadas as prazas.

ANEXO I: FICHA DE INSCRICIÓN
SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CAMPAÑA DE NEVE 2025

D./Dna.	DNI Nº
Como como pai, nai, titor/a da persoa solicitante cujos datos se detallan de seguido	
D./Dna.	
DNI Nº	Data de nacemento:
SOLICITA PARTICIPAR NA CAMPAÑA DE NEVE 2025, ORGANIZADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA NENOS E NENAS DE 11 A 15 ANOS INCLUSIVE CUMPRIDOS A 31 DE DECEMBRO DE 2024, A TRAVÉS DAS PRAZAS DESTINADAS POLA MESMA Ó CONCELLO DE CARBALLO.	

DECLARO que o neno/nena solicitante está empadroado no Concello de Carballo e

PARTICIPOU EN ALGUNHA ANTERIOR CAMPAÑA DE ESQUÍ DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	
NON PARTICIPOU EN NINGUNHA ANTERIOR CAMPAÑA DE ESQUÍ DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	

DATOS PARA NOTIFICACIÓNS:

ENDEREZO			
RÚA:			
Nº:	Piso:	Letra:	Localidade:
CORREO ELECTRÓNICO:			
Nº DE TELÉFONO:			

_____, a _____ de _____ de 2024

Sinatura

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/D002/000011
Exp. 2024/G003/003428

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales